

Cada mañá

- Cada mañana** saes ao balcón e esculcas o horizonte por ver se volvo.
- Cada mañá** baixas saltando as escaleiras e botas a correr polo campo cando me adivinas ao lonxe.
- Cada mañá** córtasme a palabra e lánzaste sobre min e rodéasme cun abrazo redondo o corpo enteiro.
- Cada mañá** contratas a banda de músicos e organizas unha festa por min polo ancho mundo.
- Cada mañá** disme ao oído con voz de primavera: "hoxe podes empezar de novo".

A festa




Yo te absuelvo de tus pecados en el nombre del Padre y del Hijo y del Espíritu Santo. Amén

do



Cuaresma
Juntos hacia lo alto
27-03-2022



Domingo 4º - O fillo pródigo



VOLVE
á casa de papá Deus

Coresma 4^o-C

• **XOSUÉ 5,9a.10-12:** *O pobo de Deus, logo de entrar na terra prometida, celebra a Pascua.*

• **SALMO 33:** **Probade e vede que bo é o Señor.**

• **1 CORINTIOS5,17-21:** *Deus reconciliounos consigo por medio de Cristo.*

• **LUCAS 15,1-3.11-32:** *Este irmán teu estaba morto e reviviu.*

Narrador: Naquel tempo, adoitaban achegarse a Xesús todos os publicanos e pecadores a escoitalo. E os fariseos e escribalos murmuraban dicindo:

Escribas:- «*Ese acolle os pecadores e come con eles*».

Narrador: Xesús díxolles esta parábola: «Un home tiña dous fillos; o máis novo deles dixo a seu pai:

Menor: - “Pai, dáme a parte que me toca da fortuna”.

Narrador: O pai repartiulles os bens. Non moitos días despois, o fillo menor, xuntando todo o seu, marchou a un país afastado, e alí malgastou a súa fortuna vivindo perdidamente. Cando o gastara todo, veu por aquela terra unha fame terrible, e empezou el a pasar necesidade. Foi entón e contratouse cun dos cidadáns daquel país que o mandou aos seus campos a apacentar porcos. Desexaba saciarse das algarrobas que comían os porcos, pero ninguén lle daba nada. Recapacitando entón, díxose:

Máis novo: - “*Cantos xornaleiros de meu pai teñen abundancia de pan, mentres eu aquí mórrome de fame. Levantareime, poñereime en camiño onde está o meu pai, e direille: Pai, pequei contra o ceo e contra ti; xa non merezo chamarme fillo teu: trátame como a un dos teus xornaleiros*».

Narrador: Levantouse e veu onde estaba seu pai; cando aínda estaba lonxe, o seu pai viu e conmovéronse as entrañas; e, botando a correr, botóuselle ao pescozo e cubriuno de bicos. O seu fillo díxolle:

Máis novo: - “Pai, pequei contra o ceo e contra ti; xa non merezo chamarme fillo teu”.

Narrador: - O pai díxolle aos seus criados:

Pai: - “*Sacade enseguida a mellor túnica e vestidella; poñédelle un anel na man e sandalias nos pés; traede o tenreiro cebado e sacrificádeo; comamos e celebremos un banquete, porque este fillo meu estaba morto e reviviu; estaba perdido e atopámolo*”.

Narrador: E empezaron a celebrar o banquete. O seu fillo máis vello estaba no campo. Cando ao volver se achegaba á casa, oíu a música e a danza, e chamando a un dos criados, preguntoulle que era aquilo. Este contestoulle:

Servente: - “*Volveu teu irmán; e teu pai sacrificou o tenreiro cebado, porque o recobrou con saúde*”.

Narrador: El indignouse e non quería entrar, pero seu pai saíu e intentaba persuadilo. Entón el respondeulle a seu pai:

Máis vello: - “*Mira: en tantos anos como te sirvo, sen desobedecer nunca unha orde túa, a min nunca me deches un cabrito para ter un banquete cos meus amigos; en cambio, cando veu ese fillo teu que se comeu os teus bens con malas mulleres, mátsalle o tenreiro cebado*”.

Narrador: O pai díxolle:

Pai: - “*Fillo, ti estás sempre comigo, e todo o meu é teu; pero era preciso celebrar un banquete e alegrarse, porque este irmán teu estaba morto e reviviu; estaba perdido e atopámolo*”.

Palabra do Señor.

(Narrador - Fillo máis novo - Fillo máis vello – Servente - Pai)



Dios nos ama
con todo su
CORAZÓN



VOLVE á casa de papá Deus

1. VER: volta á casa

- Estes días vemos en Ucraína esas longas filas de xente que sae da súa casa, do seu país, fuxindo da guerra, da morte segura. Moitos nenos e nais veñen ás nosas cidades e vilas, tratamos de acollelos para que se sintan como na casa. Que ben se está na casa, na calor do fogar, recibindo o abrazo dos pais, falando cos irmáns... Aínda que ás veces hai enfados, liortas, pelexas... E pasámolo mal.

Como vos sentides na casa? Que facedes cando hai algún problema?

2. XULGAR: Xesús regálame un papá Deus de infinita misericordia

- No 4^o domingo de Coresma, Xesús, cóntanos a parábola do PAI BONDADOSO. Recordemos algúns momentos dela, personaxes, actitudes: O fillo máis novo vaise, pero arrepiñese e volve. O pai espérao, abrázao e perdónao. O fillo máis vello enfádase.

O fillo pródigo, película: <https://youtu.be/XZusVJumqZk>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Que grande é o amor **daquel pai**: repárteles a herdanza, sofre a súa ausencia, segue esperando o fillo que se vai, sae correndo a abrazalo, non lle rifa ao chegar, trátao como a un fillo (ponlle o anel, restablecendo a súa condición de fillo) e organízalle unha festa (está feliz, quere celebrar a volta do fillo perdido)... Dálle o diñeiro e o perdón. Vaia pai! Poderíase chamar a parábola do pai misericordioso.

- **O fillo que se vai**: pórtase mal co seu pai, afástase del, traizo a seu amor, pero ten a coraxe de arrepentirse, de pedir perdón e cambiar, está avergoñado e séntese culpable... Recupera a vida de fillo, a familia, a dignidade, o fogar e a alegría. Poderíase chamar a parábola do fillo pródigo, ou do pecador arrepenido.

- **O fillo máis vello**: enfádase e está molesto co pai, non ofendeu o pai pero tampouco o quixo, está celoso e triste. Non valora o ser fillo, o que o pai lle dá.

- Xesús regalounos un **papá de infinita misericordia**. O papá é Deus, ao que lle fallamos, do quee nos afastámonos ao pecar. Pero El estanos esperando sempre para abrazarnos e perdoarnos. Que grande é Deus. Acudamos á **festa do perdón**, a través das palabras do sacerdote na confesión reconciliámonos con El. E regalemos perdón, abrazos, sexamos persoas de paz nun mundo en guerra.

Parábola do fillo pródigo, Valiván, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=qY-vgC4p90g>

Valoramos o amor de Deus? Acudimos ao sacramento do perdón?

3. ACTUAR: Volve á casa do Pai.

- Prepare a celebración comunitaria do perdón alegre, antes de semana santa. Dícidelle: “*volverei á casa de meu Pai, direille pequei*”. E escoitade o sacerdote: “*fillo os teus pecados son perdoados, vai en paz*”

- Aprende a dicir “perdón”, crea paz ao teu lado, facede un xesto de paz todos rezando pola reconciliación en Ucraína.

Corenta días camiñando,

canción: <https://www.youtube.com/watch?v=NgypzdgUpEhttps://www.youtube.com/watch?v=3raXpOxmjU&feature=youtu.be> **Que vas facer? Que vas cambiar?**